

ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Xullo - Agosto - Setembro 2007]

¿Que lle parece a adaptación á Normativa Sanitaria?

Excelente. Agora só temos que amañar a Lei de Costas

Falamos de

Manifesto
Día das Letras Galegas

Liberdade Bastida
Planta de Gas
¡fora da Ría!

Artigos

NAVÍOS, NAVEGANTES, MERCADERES E CORSARIOS NO FERROL DO XVI
por Fernando Dopico

CONCEPCIÓN ARENAL
por Arantxa Serantes




nº 28

E ademais SERVIZOS, BREVES, CONVOCATORIAS ...
e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

r/ Merced, 11 · 15401 - FERROL · Teléfono: 981 35 26 25 Fax: 981 35 23 62 Telf. Lonja-Gándara: 981 31 40 52


CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -





SUMARIO

Ateneo Ferrolán



ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN

Nº 28

Xullo-Agosto-Setembro
2007

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS, E REALIZACIÓN
Ateneo Ferrolán, Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Ricardo Pena, Fernando Dopico Blanco, Arantxa Serantes, Neno Congoxa, Amalia Sánchez Lombao, Alberte Momán, José Mª Fernández Pérez, Luis Calvo Teijo, Ángel Ruíz de Velasco, Eliseo Zaera Ríos.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRAL LIBRERA, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, RECINOR, PARADOR DE TURISMO.

A cidadanía pronunciouse, falou, con esa linguaxe sutil, multiforme e flexible para interpretacións diversas.

As últimas editoriais desta Revista lanzaron mensaxes e posicionamentos claros, dentro do ambiente electoral democrático, que fundamentalmente estaban baseados na alternancia, regra de ouro da democracia, e na valoración de resultados dos nosos xestores municipais.

É indubidable a sintonía das nosas apreciacións cos resultados acadados. Relevo na corporación cunhas liñas xa marcadas pola cidadanía:

- Solución á conflctiva situación urbanística.
- Unha nova forma de gobernar, dígase con participación cidadá a través das súas estructuras asociativas.
- Altura de miras nos eidos cultural e turístico.
- Coordinación das distintas áreas de goberno.

Todo enmarcado no concepto de cidade que queremos e que está por definir, aínda que, partindo da que non queremos (como está), o novo equipo de goberno pensamos será quen de poñernos a todos en sintonía para «arar» xuntos, conseguir esa necesaria definición e avanzar cara a obxectivos de futuro.

A lista de obras sen rematar, de proxectos paralizados ou mal formulados é moi longa pero ben coñecida e indubidablemente obriga ós novos rexedores a abordar a súa tarefa dando solucións á mesma, cunhas prioridades que xa se apuntaron en declaracións recentes.

Coa superación de actitudes caciquís, da incomunicación entre áreas de goberno, dos enfrontamentos coa Xunta de Galicia, xunto co establecemento dunha fluída relación, intercomunicación e colaboración coas Entidades Asociativas do Concello, chegaremos en pouco tempo a establecer un marco de dinamismo fructífero para unha vida municipal que hai tempo esperamos.

Dende esta fiestra aberta á cidadanía e dende este espazo de actividade social e cultural, saudamos ós novos/as concelleiros/as desexándolles o mellor no desempeño das súas funcións e ofrecéndolles a colaboración deste ATENEO na difusión e desenvolvemento da nosa CULTURA.

Ateneo Ferrolán

ATENCIÓN Ó NOVO HORARIO DE VERÁN

Dende o día 1 de xuño até o día 30 de setembro (engadidos)

OFICINA: de LUNS a VENRES - De 10 a 14 horas.


BIBLIOTECA: de LUNS a VENRES - De 11 a 14 horas.

PERMANECERÁ PECHADO POR VACACIÓNS
do 16 de XULLO ao 17 de AGOSTO (engadidos)



NOVAS INCORPORACIÓNS NA "DIXITECA"

novidades discográficas:



Ávrego
de Iván Costa



Unión das terras
de Daniel Bellón & Diego Maceiras

novidades hemerográficas:



Repertorio da prensa galega da emigración
Ed. Consello da Cultura Galega



La Unión Galega
Ed. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

PRENSA
local, nacional e estatal

DIARIO

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

DE LUNS A VENRES

Galicia Hoxe

El Correo Gallego

A Nosa Terra

Faro de Vigo

La Opinión de A Coruña

El País


El Mundo

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos


ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.
Os usuarios e as usuarias da BIBLIOTECA tamén poden consultar os nosos fondos bibliográficos na seguinte dirección: **www.opacmeiga.rbgalicia.org**

QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:
**Centro Ártabro de Estudios, Colexio de Arquitectos de Ferrol,
Fundación Caixa Galicia-Servicio de Publicacións de Santiago,
Club de Prensa de Ferrol, Edicions Embora**

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA



Ferroláns na historia da literatura galega
Henrique Dacosta
Ed. Embora. ISBN: 978-84-95460-67-7




Sainete del diputado (el cacicato de Villarrube)
Eduardo Fra Molinero
Ed. Hontanar.
ISBN: 978-84-95728-54-0



Queso fresco con membrillo
Manuel José Díaz Vázquez
Ed. Atlantis
ISBN: 84-96621-31-6



Sede da Fundación Caixa Galicia en Ferrol. De fábrica ilustrada a referente sociocultural
Ed. Fundación Caixa Galicia
ISBN: 84-96494-51-9



Muros de silencio.Corrupción y amenaza en la ría de Ferrol. El caso Reganosa
Carmelo Teixeiro, Enrique Barrera e Manuel Ängel Rodríguez
Ed. Asociación Cultural Fuco Buxán



Guía da arquitectura: Ferrol e comarca
Ed. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación Ferrol)
ISBN: 978-84-96712-07-2

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA
FILMOTECA
que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!



HISTORIAS DA NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA (1)

30 ANOS DE HISTORIA

Este mes cúmprense 30 anos das primeiras eleccións democráticas, celebradas en España, en catro décadas; é un aniversario para celebrar, ao que nós unimos outro.

Hai xa 30 anos que o Ateneo Ferrolán, tras a súa refundación, grazas ás novas liberdades conquistadas, comeza a crear a súa BIBLIOTECA.

Para nós a Biblioteca-Hemeroteca do Ateneo é un orgullo, un tesouro que se foi formando grazas ao esforzo e dedicación desinteresada de moita xente e que, hoxe, está aberta a toda a cidade de Ferrol.

Por iso pensamos que era a ocasión de celebralo, e facémolo contando as súas orixes, os apoios que recibiu, a súa evolución, e quizabes, así, alguén se anime e nos conte ou escribe as súas lembranzas.

Houbo tanta xente involucrada,... institucións, organismos oficiais e tamén editoriais, que é difícil empezar, pero todo ten un principio, e o tempo deu unha conexión, un feito que enlaza estes 30 anos de historia da biblioteca.

Acontecemento luctuoso, polo que expresamos o noso pésame e tamén o noso máis profundo agradecemento, e é que D.Joaquín Arias y Díaz de Rábago, vicepresidente da Fundación Pedro Barrié de la Maza, morre en A Coruña o 30 de maio de 2007


A Fundación "Pedro Barrié de la Maza" e D.Joaquín Arias y Díaz de Rábago, como o seu vicepresidente, foi o primeiro apoio que tivo a biblioteca do Ateneo Ferrolán.

Segundo consta no arquivo do Ateneo Ferrolán, a Fundación Barrié, dende o principio estableceu un convenio co Ateneo Ferrolán, referido ó achegamento de libros, que foron os primeiros, e durante algún tempo, os únicos cos que contaba esta biblioteca (fig.1).

Esta colaboración mantívose durante anos (fig.2).

Mais hoxe a relación entre as dúas institucións se ensancha. A nosa Biblioteca-Hemeroteca, non só segue a recibir as magníficas publicacións que realiza a Fundación, senón que temos un proxecto en común para modernizar a biblioteca e dixitalizar a hemeroteca.

30 ANOS NOS UNEN.



Sr. D. Joaquin Arias y Diaz de Rábago,
Vicepresidente de la Fundación "Barrié de la Maza"

Sr. Vicepresidente: De acuerdo con las instrucciones recibidas de esa Fundación nos es grato comunicarles que, para este año desearíamos recibir los títulos de los libros que adjuntamos a la presente, de acuerdo con el convenio establecido que asciende a 100.000 ptas. como el año anterior.

Ni que decir tiene que si esta subvención pudiese ser elevada nos sentiríamos gratamente satisfechos, puesto que nuestra biblioteca solamente cuenta con los libros que Vds. tan gentilmente nos proporcionan.


Un saludo.

La Presidenta. Natalia Lamas

1978

Fig. 1

Fig. 2



FUNDACION
PEDRO BARRIE DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA

La Coruña

La Coruña, 22 de Mayo de 1.981

Ateneo Ferrolano
Apartado - 303 -
EL FERROL

Muy señores nuestros:

Tengo mucho gusto en comunicarles que he dado las instrucciones oportunas, para que de nuestro fondo bibliográfico, y para la biblioteca de ese Ateneo, les envíen por correo parte, las obras que a continuación se relacionan, como obsequio de esta Fundación.

- Arquitectura Románica en Pontevedra
- El Hórreo Gallego
- Libros e Autores Galegos I.
- Compilación Foral de Galicia
- El Rocío en Galicia
- El Reumatismo en Galicia
- Ramón Otero Acuña: Un Gaditano en Fonseca
- La Galicia de los Austrias
- Grabados Rupestres de la Provincia de Pontevedra.

Celebrándo comunicarles esta noticia, les saluda muy cordialmente,

Joaquín Arias y Díaz de Rábago
Vicepresidente

35 Asociacións e Plataformas cidadás de Galicia, integradas en Rede Litoral Vivo convocaron unha manifestación o pasado 6 de maio, en Santiago baixo o lema:

CONTRA A DEGRADACIÓN DO TERRITORIO

GALICIA NON SE VENDE

TERRA VIVA E VIDA DIGNA PARA TODOS E TODAS

35 colectivos ambientais e plataformas cidadás de Galicia, integradas na Rede litoral Vivo (www.redelitoralvivo.info) , convocaron para o domingo 6 de maio ás 12 da mañá unha manifestación por un ordenamento territorial sustentábel co lema «**Galiza non se vende. Terra viva e vida digna para tod@s**» na que a actriz Mabel Rivera leu o manifesto.

Os grupos convocantes somos conscientes da importancia ambiental e social que ten o territorio, así mesmo da crecente capacidade que temos para o modificar, alertar a cidadanía e gobernantes sobre as consecuencias do proceso destrutivo ao que estamos a asistir. Combinando desleixo, incompetencia, ignorancia, especulación e unha estrema ambición depredadora, lévanse décadas a destruír o territorio, incluído o do litoral exterior e interior, co pretexto da xeración de emprego, o progreso e a mellora da nosa calidade de vida.

Pero coa degradación do territorio estase a destruír paisaxes, historia e identidade, e tamén a empobrecer a biodiversidade, a nosa saúde e a nosa calidade de vida, ademais de hipotecar a das xeracións futuras, con un urbanismo caótico, infraestructuras de transporte irracionais, campos de golf, portos deportivos, encoros, complexos petroquímicos e instalacións perigosas ou nocivas que ameazan a vida da poboación e tamén ameazan a riqueza natural das rías, dos ríos e demais entorno territorial, piscifactorías, parques eólicos indiscriminados, paseos marítimos e fluviais ríxidos, recheos, lodos de case un metro de grosor, monocultivos de especies exóticas e invasoras, insuficiente respecto polas figuras de protección ambiental e os espazos naturais protexidos, ocupación de espazos públicos para favorecer negocios privados, ... etc. teñen unha cousa en común: a inexistencia dun ordenamento territorial sustentábel.

Aínda estamos a tempo de mudar o rumbo e pór fin a décadas de autodestrución, por iso quen convocamos a manifestación do vindeiro 6 de maio demandamos, entre outras medidas, as seguintes:

· **A implantación dunha nova cultura do territorio** que poña límites á artificialización irreversíbel do territorio (urbanización difusa, proliferación de infraestructuras de transporte por estrada, paseos marítimos, recheos, industrias perigosas ou nocivas, ocupación de espazos públicos para negocios privados), procure a adecuación dos usos do solo e do mar ás súas aptitudes, non destrúa as nosas mellores paisaxes e rías, free a especulación inmobiliaria, facilite o acceso a unha vivenda digna, a rehabilitación dos barrios antigos ou deteriorados das cidades, mellore a súa habitabilidade, tamén a

GALIZA
NON
S€ VENDE
Terra viva e vida digna para tod@s
Manifestación contra a degradación do territorio.
6 de maio 2007
Santiago de Compostela 12:00h
Saída dende a Alameda



das vilas e aldeas, e reduza a demanda de transporte motorizado, xerando proximidade.

· **O cumprimento da lexislación vixente.** O grao de incumprimento da lexislación de protección ambiental e do patrimonio pódese cualificar mesmo de escandaloso. A escasa vontade política tradúcese na enorme insuficiencia de medios destinados a informar á sociedade sobre a súa existencia e a fiscalizar o seu cumprimento efectivo. Sen dúbida, é preciso ampliar e mellorar a lexislación de protección ambiental, ordenación do territorio e urbanismo, máis primeiro cómpre multiplicar os esforzos para a aplicación e implementación da lexislación vixente, co fin de que non se continúe coa depredación do territorio e da riqueza natural, a contracorrente do desenvolvemento sostible, provocado polas Administracións, grandes empresas ou nas que participa a Administración para favorecer a grupos privados.

· **Unha nova Lei de Ordenación do Territorio** que delimite que se pode facer e onde, fundamentada na protección dos valores sociais, ambientais e culturais do territorio galego. Os modelos territoriais do planeamento deben ter un marco de referencia supramunicipal que dea unha coherencia territorial e de funcionamento aos servizos, ao abastecemento e aos equipamentos, partindo da protección de todo o solo non urbanizable e da obriga de demostrar a necesidade e racionalidade de modificación desa protección por necesidades de crecemento dos núcleos de poboación. Entre outras medidas nesta lei debese decretar a prohibición de construción na franxa no ocupada dos primeiros 500 metros de costa e nas marxes dos ríos.

· **Promover unha Estratexia de xestión integrada do litoral exterior** e tamén do máis sensible existente no interior das Rías, con un saneamento integral das mesmas a curto prazo e un auténtico plan de usos compatible co desenvolvemento sostible, canto antes, de xeito que se estableza o marco de coordinación de todas as políticas que inflúen sobre a zona costeira exterior e no interior das Rías, eliminación de recheos insostibles os vindeiros anos, limpeza de lodos e recuperación, rexeneración da súa riqueza natural e marisqueira que pode xerar moitos empregos, ademais de que se racionalice a actuación das distintas administracións con competencias sobre o litoral baseada na protección e no artellamento dun tecido económico diversificado onde as actividades cun alto compoñente de emprego estábel substitúan as políticas de «pan para hoxe e fame para mañá» claramente representadas pola promoción de segundas e terceiras vivendas na costa ou baseadas en industrias cun alto impacto ambiental e baixo nivel de emprego como as piscifactorías. Neste sentido, demandamos a anulación dos planos sectoriais de ampliación da piscifactoría de Quilmas (Carnota) e de construción da piscifactoría de Costa Galloufa, declarados irregularmente como de incidencia supramunicipal, así mesmo que non sexa autorizado o funcionamento de Reganosa e que canto antes desaparezan do interior das Rías as industrias e tráficos nocivos ou perigosos, coma os do Complexo Petroquímico en Mugardos, os Tanques do Ferrado en Vilagarcía ou a Papeleira de Ence en Pontevedra.

· **Protección efectiva e ampliación da aplicación das figuras de protección ambiental.** As figuras de protección ambiental débense aplicar de xeito rigoroso, definindo claramente os espazos protexidos e fornecendo corredores ecolóxicos ou espazos ponte que permitan manter ecosistemas dinámicos e interconectados. Exemplos como a delimitación por parte da Xunta do futuro Parque Natural do Courel onde se deixa sen protexer grande parte da zona sur para facilitar a instalacións de canteiras, estragando definitivamente as concas dos ríos Pazos, Vilarbacú, Ferreiriño e Lor, xa gravemente afectadas por pizarreiras, indican claramente o desleixo da administración na protección de espazos de alto valor ecolóxico.

· **Transparencia e participación da cidadanía nas decisións que afectan ao territorio.** As políticas públicas, como indica o seu nome, esixen unha ampla discusión entre a cidadanía e as administracións implicadas e da contraposición dos distintos intereses que xiran arredor delas para achar o balanzo máis positivo en termos sociais, económicos e ambientais. As Axendas 21 Locais foron esperanzadoras máis o desleixo político e a falla de vontade real de asumilas rematou por convertelas nun mero trámite de xestión privada e sen interese para a participación cidadá. Cómpre desenvolver estructuras de participación cidadá efectivas que permitan aos colectivos sociais participar dende o seu inicio no desenvolvemento dos actuais e futuros procesos urbanísticos e que a súa opinión sexa tida en conta.

Convocantes de Ferrolterra que forman parte de Rede Litoral Vivo e subscriben este comunicado: Verdegaia(www.verdegaia.org), ADEGA(www.adega.info), Comité Cidadán de Emerxencia da Ría de Ferrol(http://comitecidadan.org/), Asociación Fuco Buxán(www.**fucobuxan**.com), Plataforma Ártabra 21(http://artabra21.blogspot.com/), SGHN(http://sghnferrol.blogspot.com); **e** Fusquenlla **de Pontedeume (**www.sospontedeume.com**).**

Ferrol, 2 de maio do ano 2007.

PRESENTACIÓN DO LIBRO

MUROS DE SILENCIO.
CORRUPCIÓN E AMEAZA NA RÍA DE FERROL. O CASO REGANOSA.

TAMÉN TE PODES INFORMAR NA NOSA WEB: WWW.ATENEOFERROLAN.ORG
E NESTA REVISTA, NA SECCIÓN DE NOVIDADES NA BIBLIOTECA

FucoBuxán edita este libro, nun esforzo por contribuír á tarefa do Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol.

Esta Ría e quen aquí vivimos, estamos ameazados pola pretensión de poñer en funcionamento a Planta de Gas de Reganosa no interior da ría, en lugar do Porto Exterior de Caneliñas, como en tantas ocasións levamos dito.

¡Unha situación de emerxencia!. Facerlle fronte, esixe un esforzo de responsabilidade de toda a cidadanía e dos cargos políticos e institucións, e debe ser motivo de debate. Fuco Buxán pretende que o libro contribúa ao mesmo e a clarexar o posicionamento dos futuros responsables municipais de Ferrolterra.

Son necesarias todas as accións que contribúan ao coñecemento do risco e ameaza (para a vida humana e riqueza da ría) que suporía poñer en funcionamento a planta de Reganosa.

No libro cítanse os nomes de persoas que, actuando con profesionalidade e segundo lles ditaba a súa conciencia, **opuxéronse** nos seus ámbitos de actuación a este disparate: militares, concelleiros e mesmo o Presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol.

Algúns foron cesados e outros «dimitidos». A todos e todas, grazas.

Presentación do Documental

«O SALARIO DO SILENCIO»

de Mabel Ribera e Enrique Banet, **sobre a Planta de Gas que constrúe REGANOSA na Ría de Ferrol**.

XA ESTÁN A PREPARAR A SEGUNDA PARTE e haberá máis....



ESTREA
NOVO DOCUMENTAL
PLANTA DE GAS
O Salario do Silencio
GALICIA SPIRIT
Venres 25 de maio 2007, ás 20.00 h
Salón de Actos do Vicerreitorado
Esteiro
De
Mabel Ribera e Enrique Banet
Producida por
Namche Films S.L.

Ateneo Ferrolán

COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA PARA A RÍA DE FERROL.

MANIFESTO

LIBERDADE PARA BASTIDA, PLANTA DE GAS FÓRA DA RÍA

CONCENTRACION DO 3 DE XUÑO DE 2007

«¡Bo día!

Hoxe estamos aquí na defensa da vida, da Ría e da legalidade, pero nos falta un compañeiro de loita cuxa liberdade queremos canto antes. Contamos coa vosa presenza solidaria pero tamén coa adhesión de moitos que non puideron vir.

Achegámonos ata a Casa do Concello, porque o 16 de xuño constituirase unha nova corporación e deixará de ser Alcalde quen durante estes catro anos estivo facendo de recadeiro de Reganosa, promovendo distintas iniciativas para favorecer unha perigosa planta de gas dentro da Ría e provocando que o Concello se retirase de dous contenciosos que tiña contra Reganosa, un deles gañado. Esperamos, que a nova corporación lle diga o Tribunal Supremo que faga firme a sentenza do TSXG para que os ferroláns e ferrolás recuperemos o dereito a ser defendidos pola Xustiza.

Achegámonos á Casa do Concello como administración máis próxima encargada de velar e garantir os nosos dereitos como cidadáns. Porque cando o poder das institucións é dirixido contra a cidadanía o que se amosa é abuso, máis propio dun estado totalitario que dun estado democrático. Estamos aquí para recordarlle á nova corporación que ten unha tarefa pendente co caso Reganosa, que non esconda a cabeza coma unha avestruz , que defenda a vida das ferrolás e ferroláns, e que sexan consciente de que Reganosa está dentro da Ría de Ferrol a 1200 m.

Cando aconteceu a catástrofe do *Prestige*, os traballadores e traballadoras do mar xa se viron na obriga de tomar a iniciativa, igualmente miles de voluntarios mobilizáronse en todo o Estado Español para facer fronte á marea negra, en ausencia de resposta das administracións. O goberno do Sr. Fraga na Xunta, estaba de caza, e o goberno do Sr. Aznar propagaba mentiras e paseaba o barco arriba e abaixo, con falsos asesoramentos técnicos. Así sucedeu o maior desastre ecolóxico do noso país.

A historia leva trazos de repetirse, o caso Reganosa é o maior escándalo de corrupción política, económica e mediática da democracia e tamén pode chegar a converterse nunha enorme traxedia no caso de que a Planta de Gas entre en funcionamento. Aínda que xa neste momento, estamos en perigo co GNL que trouxeron os dous gaseiros, que se encontra almacenado nos tanques, co que Reganosa está facendo probas de regasificación.

Como no caso do *Prestige* a cidadanía, en ausencia e sen o amparo das administracións, tivemos que tomar a iniciativa. O xermolo do CCE xa no ano 1999 tivo diferentes iniciativas para que a Planta de Gas se ubicara no porto exterior. En xullo de 2001 constitúese como Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol sendo a tarefa fundamental conseguir que a Planta de Gas, sexa instalada no exterior da Ría de Ferrol. En todos estes anos leváronse a cabo accións, mobilizacións e denuncias... ante a Comisión Europea, seis contenciosos en trámite e un sétimo que se iniciará nestes días.

Queremos dicirlles aos que demagoxicamente se amparan argumentando que cando a xustiza se pronuncie acatarán as sentenzas, que hai dúas sentenzas favorables do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que están recorridas ante o Supremo, por Reganosa e pola Xunta coa finalidade de demorar a vía da xustiza e mesmamente menosprezando e ignorando ao máis alto Tribunal Galego, para que así Reganosa poida seguir coa construción da Planta a pesar da flagrante ilegalidade

Coas actuacións diante dos metaneiros Galicia Spirit e Mourad Didouche, (que este último sexa un ano máis antigo que o Prestige, pon en evidencia a inseguridade de Reganosa), rompéronse os

muros de silencio que en todos estes anos impediron que o caso Reganosa fora coñecido tanto pola poboación de Ferrolterra como pola do resto do mundo. Sendo vítimas de quen censuraron as nosas informacións con moitos cartos que Reganosa gastou en publicidade directa e encuberta. Eses muros de silencio saltaron polos aires os días 7, 8 e 9 de maio, cando cidadáns e traballadores do mar, dando un exemplo de gallardía, na defensa da vida, da Ría e da legalidade, sumáronse ás mobilizacións promovidas polo Comité Cidadán Emerxencia para a ría de Ferrol. Mobilizacións coas que impedimos, por catro veces a entrada ilegal na ría do buque gaseiro «Galicia Spirit», cargado con 140.000 m^3 de gas natural licuado. O 29 de maio impedimos o intento de entrada do segundo metaneiro chamado «Mourad Didouche», cargado con 123.000 m3 de GNL. Foron moitas cadeas de televisión, radios e xornais as que levaron por todo o mundo a noticia, dando a coñecer os detalles da ameaza que supón Reganosa para a vida, para a Ría e para a legalidade democrática.

Só empregando as forzas de seguridade dun Estado de dereito e cargando contra a cidadanía indefensa, conseguiron metelos dentro da Ría. Os dous gaseiros entraron en base a permisos que non cumpren a legalidade, ameazando a vida da poboación, sen garantía de que poidan saír o mar en caso de emerxencia na planta ou no gaseiro, tal e como require a Norma EN-1532 que se está vulnerando. Tampouco existe na Autoridade Portuaria un plan de seguridade ou de emerxencias capaz de facer fronte a catástrofe que podería ser provocada por Reganosa. Ademais cónstanos que Reganosa ten sen resolver condicionados da súa autorización de construción, un deles o das distancias de seguridade ata as poboacións.

Todo o mundo sabe que a planta de gas de Reganosa é unha bomba. Todo o mundo sabe que a Planta de Gas non cumpre as distancias de seguridade respecto ás poboacións. Todo o mundo debe saber que **cada día de funcionamento da** planta de gas matará a vida mariña e o placton de 300 millóns de litros da auga da Ría.

As actuacións que o Comité Cidadán levou a cabo nestes días, provocaron que Félix Alonso, presidente de Reganosa, Emilio Pérez Touriño, presidente da Xunta de Galiza, Xosé Barcia, alcalde de Mugardos e Vicente Irisarri, futuro alcalde de Ferrol, recoñecesen que a ubicación da Planta no interior da Ría non é a máis idónea. O Proxecto Reganosa sostense nun cúmulo de irregularidades e ilegalidades coa complicidade de institucións e medios de comunicación. Proba disto é a firma dun convenio con cláusulas secretas entre os promotores de Reganosa e o Sr. Fraga en xuño de 2000.







A Xunta de Galicia e o Goberno Central actuais herdaron o proxecto de Reganosa pero iso nin xustifica nin lexitima a súa plena aceptación. Moi ao contrario, teñen a obriga de facer respectar a legalidade e a vida, como ven esixindo o Comité Cidadán e tal e como se fixo coa cidade da cultura, reformulándose o proxecto herdado da 'Era Fraga'. Estamos diante do maior fraude cometido no noso país. O bipartito de Touriño e Quintana e o goberno de Rodriquez Zapatero, teñen a responsabilidade de que non se converta na maior traxedia.

Temos que denunciar o intento de moitos medios de comunicación e autoridades de tratar o problema da planta de gas como se só afectase aos mariscadores, intentando reducir un gravísimo problema a unha simple reclamación de danos económicos. Con esta idea tentaron criminalizar e desprestixiar aos traballadores e traballadoras do mar dirixindo cara a eles toda a responsabilidade da oposición cidadá á entrada de gaseiros, e buscaron un 'chibo expiatorio' na persoa de Bernardo Bastida. Os cartos nunca poderán pagar, por incalculable, a vida dos miles de cidadáns e cidadás que están poñendo en perigo. Cómpre recordar aos nosos gobernantes que a vida non é negociable. É necesario que a cidadanía de Ferrolterra se comprometa con máis determinación que nunca na loita por restaurar a legalidade, coa finalidade de que se paralice a construción de Reganosa e que sexa expulsada fóra da ría.

Co encarceramento de Bastida pretenden escarmentarnos, atemorizarnos e mesmo converternos en criminais. Mais as mulleres e homes do Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol, non escarmentamos nin nos asustamos e continuaremos defendendo:»

¡PLANTA DE GAS FÓRA DA RÍA,
BASTIDA SOMOS TODOS, LIBERDADE PARA BASTIDA !!!!!!!!

UNHA REPARACIÓN OBRIGADA:

UN DESAGRAVIO AOS MARISCADORES

¡¡ESTADO DE DEREITO, CUMPRIMENTO DA LEI!!!!

Dende esta humilde Revista queremos facer unha loubanza e un desagravio aos *pobriños* mariscadores da Ría de Ferrol, *enganados, manipulados, utilizados, mobilizados*, por uns voceiros sen credibilidade, pagados por non se sabe quen, nin se sabe o que buscan, políticos e sindicalistas fracasados, algún seudocultureiro, ... etc.., en fin o peor da cidade, que por riba **INCUMPREN** a legalidade, ...é o colmo!, presionando aos *pobriños mariscadores* para que alteren a orde e fagan actos pouco menos que de *terroristas*.

O peso da LEI, supoñemos que da LEI DE REGANOSA, (que é a máis limpa, osixenada, non arde nin contamina), caerá sobre eles.

Menos mal que as forzas de BEN (ou do BO negocio) están para axudar porque o funcionamento da PLANTA (dentro da ría) só traerá vantaxes, centos de postos de traballo, gas e máis gas para todos e todas, gaseiros e máis gaseiros entrando e saíndo pola RÍA sen ningún atranco, e cando funcione, cando funcione (o dubido) a pleno rendemento .... millóns e millóns de litros de auga todos os días que se devolverán á Ría moito máis pura do que estaba, osixenada e refrixerada, **purita H2O**. Xa se escoitan as estrepitosas risas das ameixas e demais *habitantes* da Ría pensando no que lles vai caer.

- Expertos internacionais da auga e do medio ambiente xa están a pensar en fretar grandes barcos para recoller esa auga marabillosa, purificada, osixenada, de alto valor para os ecosistemas e facer un grande negocio con ela.

- Só falta que ocorra un milagre, que todo pode ser, unha aparición, en Santa Icía ou en Caldoval, e temos aí un futuro santuario milagreiro: SANTA REGANOSA DAS AUGASANTAS .... ¡QUEN SABE!

· A LEI NON PERMITE INSTALAR PLANTAS DE REGASIFICACIÓN A MENOS DE 2000 METROS DE NÚCLEOS DE POBOACIÓN!

· REGANOSA INCUMPRE CON MOITO EXCESO ESTA LEI ——— É ILEGAL

· ESTE E OUTROS INCUMPRIMENTOS DENUNCIÁRONSE A TEMPO, ...HAI ANOS!

· MANOBRAS, ARTIFICIOS e ACTUACIÓNS DE ALTOS «CABECILLAS» APROVEITARON SUBTERFUXIOS LEGAIS E A PLANTA ESTÁ FEITA .... MAIS .... TEN QUE:

- ACADAR O FIN DE OBRA
- SOLICITAR A AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMENTO: * DEMOSTRANDO FIDEDIGNAMENTE O CUMPRIMENTO DOS CONDICIONADOS ESTABLECIDOS NAS AUTORIZACIÓNS QUE LLE DERON (Cargadas de miopía ou outras cousas ....)
- CENTRÁNDONOS SÓ NAS DISTANCIAS Á POBOACIÓN ¿COMO PENSAN CUMPRILAS?

O MESMO TEN QUE OCORRER CON REGANOSA!!!!

Os depósitos de hidrocarburos de Ferrazo, terán que trasladarse fóra da Ría de Arousa

Os depósitos de hidrocarburos instalados en Ferrazo, na Ría de Arousa, están un pouco máis preto do seu desmantelamento. Segundo informou a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA), o Tribunal Supremo vén de reafirmar a sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que ordenaba o peche e traslado dos depósitos.

O Alto Tribunal emitiu o pasado 19 de xuño unha providencia que anula o recurso de casación presentado por Finsa e Foresa, propietarias dos depósitos de Ferrazo. Segundo informou o presidente da Plataforma, Xaquín Rubido, este texto converterase nunha sentenza firme en setembro, o que provocará que os depósitos estean obrigados a pechar, en virtude da sentenza anterior do TSXG.

Sete anos de loita contra os depósitos

No ano 2000 entraron en funcionamento os depósitos químicos e petroleiros de Ferrazo, en plena Ría de Arousa. A infraestructura veu acompañada dunha forte polémica e unha importante mobilización cidadá. Formouse a Plataforma pola Defensa da Ría de Arousa, que agrupaba a colectivos ecoloxistas, cidadás, mariscadores e pescadores.

Ademais das mobilizacións, que implicaron a saída á rúa de milleiros de cidadáns, a Plataforma iniciou medidas legais para reclamar o desmantelamento dos depósitos. Consideraban que a súa ubicación non era a axeitada e que constituían un perigo para a Ría e para os núcleos de poboación próximos. Segundo Rubido, as instalacións implican un tráfico de hidrocarburos anual de 350.000 metros cúbicos anuais.

QUEN DA MÁIS: O FERRAZO, ENCE, REGANOSA, O COUREL.....

MANIFESTO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2007

TEMOS LINGUA PROPIA QUEREMOS VIVIR NELA

Hai un cuarto de século que o galego conseguiu un recoñecemento oficial que, aínda que foi insuficiente, o situaba no Estatuto de Autonomía como «lingua propia de Galiza». Porén, o noso idioma, o único «idioma propio» que ten Galiza, continúa aínda moi por debaixo dos mínimos de cooficialidade.

O Día das Letras non é momento para a retórica nin para a propaganda vacía. As persoas e entidades que apoiamos este manifesto reclamamos as medidas e as accións para garantir o dereito de todos os galegos e todas as galegas a poder vivir en galego. Porque sabemos que, cunha política lingüística decidida, o galego terá garantido o seu futuro.

Máis galego no ensino!

Estamos ás portas da aplicación dunha nova norma de galeguización do ensino. O **novo decreto consensuado debe ser cumprido integramente no próximo curso** escolar, poñendo para iso a Consellaría de Educación todos os medios humanos e económicos que sexan precisos. Esta nova norma legal ten que supor un paso máis cara á plena galeguización do sistema educativo a medio prazo.

Máis galego na Administración!

Este 17 de maio celébrase durante unha campaña electoral, o que representa unha oportunidade perfecta para reclamarmos aos participantes nese proceso un verdadeiro compromiso coa lingua. Eliximos axiña os nosos representantes nos concellos, polo que facemos un chamamento a todas as candidaturas que comporán as cámaras municipais para o cumprimento da lexislación e dos acordos institucionais en materia lingüística.

Nese sentido, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade en 2004 no Parlamento Galego sinala unha serie de medidas que, malia faceren referencia directísima á Administración local, continúan sen ter plasmación na maioría das cámaras municipais.

Reclamamos que neste 2007 se poñan sólidos alicerces para a **plena aplicación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega en todos os concellos**, dirixindo tal proceso o Goberno galego.

Sen deixarmos de falar das administracións, temos que lembrar que o Consello de Europa recriminou en 2005 á Administración Xeral do Estado por converter o dereito ao uso do galego nunha auténtica carreira de obstáculos. Dous anos despois do denunciado por esta institución, a carreira de obstáculos continúa.

Un exemplo é a Axencia Tributaria, que nega a día de hoxe o dereito a utilizar o galego na inmensa maioría das xestións. **Eximos que, coa máxima urxencia, a páxina web da Axencia Tributaria teña opción plenamente en galego**, incluídos todos os formularios e programas informáticos.

Máis galego nos medios de comunicación!

Un dos trazos do servizo público é o servizo á cultura, comezando polo respecto e o uso da lingua de cada país. Reclamamos que os medios públicos, sexa de titularidade estatal, sexa de titularidade galega, teñan en conta este principio.

Á RTVG demandámoslle:

· Unha mellora substancial na galeguización da publicidade, tendo o obxectivo do 100% a medio prazo. Sen isto, non se pode falar dunha TV propia e integramente en galego.

· A creación dun Servizo Galego de Dobraxe e Subtitulación, que asuma a tarefa de elaborar as lendas e dobrar todos os filmes que se estreen nas salas comerciais, cedéndoas gratuitamente ás distribuidoras ou ás televisións que poidan ter os dereitos de emisión de ditos filmes.

· Unha das normas de estilo da RTVG debería ser dar prioridade ás participacións en galego en tertulias, entrevistas, etc.

· Unha presenza mínima do 50% de música en galego na emisora Radio Galega Música.

· O comezo da emisión do segundo canal da TVG.

· Velar pola calidade do galego utilizado, tanto na escrita como na oralidade.

A RTVE esiximoslle:

· A recuperación dunha emisora de RNE en galego (Radio 4).

· Que as desconexións de RNE e TVE para Galiza se equiparen ás realizadas para Cataluña.

· Que, na emisión dixital, TVE ofreza versión en galego de todos os filmes, retransmisións deportivas e espazos infantís e xuvenís.

· Que as páxinas web de RNE e TVE conten cunha versión en galego.

Reclamámoslle á Secretaría Xeral de Comunicación e á Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependentes da Presidencia da Xunta, que negocien con firmeza estes adiantos para a nosa lingua nos medios de comunicación de titularidade pública. Ademais, deben garantir o cumprimento das condicións lingüísticas baixo as que se conceden as licenzas de radio e TV.

MÁIS GALEGO NO ENSINO, NA ADMINISTRACIÓN E NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN!
Temos lingua propia! Queremos vivir nela!

LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

O PINTOR II
(Continuación)

O val de Doniños sempre foi un reclamo ofrecendo a súa pose para o máis esixente paisaxista. Aquela vista panorámica dende o alto de Valón era algo impresionante, e sobre todo as postas de sol. Lembro un cadro de Carmelo González realizado nesas horas vespertinas, que era unha verdadeira marabilla.

Se o grande mestre Claude Monet coñecese este lugar deixaría a Doniños inmortalizado na divindade dos seus cadros.

A foto recolle ese momento da miña vida pasada pintando "Pampillos" no val de Doniños. A fotografía está feita polo gran camiñante e amigo Pedro Labisbal. Todos os pintores sabemos que o verde non é a cor complementaria do amarelo, mais a luz que desprende esta color sempre atrae a túa atención.


Hoxe ese val perdeu parte do seu encanto. A "eucaliptomanía" xubilouno.

Os meus fillos, cando podían, acompañábanme nas saídas ao campo como neste caso meu fillo Xosé, que se continuase pintando sería un máis na lista de pintores ferroláns; mais os seus estudos universitarios impedíronllo. Del gardo un retrato ao óleo que mo fixo hai cerca de trinta anos.

Carducho, o meu outro fillo, acompañoume durante máis tempo. Tiña a penas seis anos cando o levaba comigo; e mentres el se entretiña entre a ramaxe do bosque eu pintaba. Pero ao ir pasando os anos, interesouse máis pola pintura, figurando hoxe entre os bos acuarelistas ferroláns.

Botando unha ollada as antigas fotos, apodérase de min unha lóxica nostalxia lembrando aquelas frondas cheas de vida e que moitas delas foron abrasadas por verdadeiros asasinos da natureza aos que a xustiza debera ter tratado con maior dureza.

Hai uns cantos anos un periodista fíxome a seguinte pregunta: por que a acuarela? "porque é máis barata" contesteille. Mais iso sucedía naqueles tempos cando me abastecía na tenda de El Correo Gallego, porque hoxe unha cor da casa inglesa *Winsor and Newton* (que é a marca coa que traballo dende hai varios anos) non custa tanto como un de óleo da mellor marca.



Hai que estar moi namorado e ter moita paciencia para chegar a ser un bo acuarelista, porque a parte de ser esta unha técnica aparentemente sinxela, é moi difícil pero preciosa. Na acuarela lógranse unhas tonalidades limpas, luminosas, transparentes e imposibles de lograr con óleo.

A miña vida pictórica está enmarcada nunha pintura de paisaxes, pero esta condición non me impediu probar outras cousas. O retrato non foi ao que lle prestei moito interese, pero ben ou mal alá polos meus anos 40 planteime diante dun espello para facer un autorretrato ao óleo.

Tampouco Fina, a miña dona de toda a vida, librouse de que os meus pinceis a deixasen esquecida. E posto á obra, aí queda co seu vestido vermello enfrascada na lectura e pintadas coas miñas mellores acuarelas. Non sei se aos entendidos nesta modalidade me darán o aprobado, pero alomenos no sombreiro espero unha boa nota.

Dos moitos bodegóns que pintei, só me quedan seis. E o peor é que non deixei constancia das persoas que os adquiriron. De estes só lembro que o dos gladiolos teno a Dra. Cartelle en Pontevedra.







XUNTA DIRECTIVA DO ATENEO FERROLÁN PARO O ANO 2007

PRESIDENTE	ELISEO ZAERA RÍOS
VICERESIDENTA	HORTENSIA PÉREZ LANDEIRA
SECRETARIA	MÓNICA GARCIA MONTERO
TESOUREIRO	MIGUEL PÉREZ ENGUÍDANOS
CONTADORA	PAULA MEIZOSO ALONSO
BIBLIOTECARIA	Mª DOLORES ORUEZABALA ROMERO
VOCAIS	VICTOR FERNANDEZ GABEIRAS
	JUAN GALDO GARCÍA
	JUAN GARMENDIA DIAZ
	EDUARDO FRA MOLINERO




IU ANUNCIA QUE RETIRARÁ DE FERROL TODA A SIMBOLOXÍA FRANQUISTA

«A CASA DO POBO NON A PODE PRESIDIR UNHA VIDREIRA QUE ENCARNA A TORTURA», AFIRMA DÍAZ

Dende as filas do PP local os acusaron de non respectar a Constitución por lucir unha bandeira republicana durante a toma de posesión do novo goberno PSOE-EU-IU ao fronte do municipio ferrolán. Sen querer darlle moito pábulo a estas críticas «absurdas», EU-IU contraatacou para anunciar a retirada de toda a simboloxía franquista que pervive na cidade natal de Francisco Franco. A coordinadora de EU-IU e nova responsable de Cultura de Ferrol, Iolanda Díaz, confesa que xa puxo os seus ollos na vidreira preconstitucional que preside a entrada ao Concello e no escudo franquista que abre as portas da biblioteca municipal da cidade. «Estes serán os primeiros en ser retirados» asegurou.

Un pin e unha foto da bandeira tricolor nos balcóns del Concello ferrolán fixeron que o PP acusara aos edís de EU-IU de «desafiar ao Estado de dereito» ao «burlarse» da democracia. Como resposta ás críticas populares, a responsable de EU-IU anunciou que o departamento de Educación e Cultura que coordina, iniciará os estudos e trámites oportunos para a retirada de toda a simboloxía do franquismo. «Non é de recibo que a Casa do Pobo, a casa de todos, a presida unha vidreira do período preconstitucional, que simboliza a tortura e a morte dunha etapa moi negra da nosa historia», manifestou Díaz.


Case que idéntica situación se repite nas portas da biblioteca municipal. Seis anos de reformas deixaron intacto un emblema da ditadura na súa fachada. «É un lugar de saber e de cultura, para cultivar a liberdade e agora o preside un símbolo de represión», declarou Iolanda Díaz. A poucos metros do Concello, na praza de Amboaxe, as árbores ocultan unha Cruz dos Caídos. «Os retiraremos todos o antes posible», concluíu.



Estase cociñando a REVISTA da ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ATENEOS (AIFA).

En preparación o nº 0 para presentar na reunión de Xunta Directiva que se celebrará a finais de xullo en Asunción (PARAGÜAY), onde estará representado o ATENEO FERROLÁN que ocupa a Vicepresidencia da mesma.





Un chamamento ao ASOCIACIONISMO de FERROLTERRA:

Temos unha nova situación, moito máis favorable para desenvolver actividades e dinamizar a vida social, cultural, turística, deportiva e medioambiental do noso Concello e da bisbarra, en sintonía cos novos rexidores. Ánimo, ilusión e a traballar!

EXPOSICIÓN PERMANENTE
FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS:

Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spella Trobec, Luis Rapela, Alba Leal entre outros moitos

O Xurado cualificador do

17º CERTAME DE "FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 07",

organizado polo Ateneo Ferrolán,
integrado por CARLOS CARBALLEIRA, RODRIGO RAMOS ARDÁ, ELISEO ZAERA RÍOS
e actuando como secretaria sen voto, CRISTINA MEIZOSO ALONSO,
reunido o día 4 de xuño de 2007, toma os seguintes acordos:

Unha vez examinadas a totalidade de fotografías presentadas a concurso, de acordo coas Bases e por unanimidade

DECIDE:

1) Descualificar un total de 11 traballos dos 117 presentados, por non axustarse ás Bases
2) Seleccionar 50 das fotografías presentadas a Concurso, para incluír na exposición itinerante, tal e como se indica nas Bases.

3) OUTORGA-LOS seguintes Premios :

3º PREMIO:
"VERTEDEROS INCONTROLADOS" de JORGE MEIS - FERROL

2º PREMIO:
"EN LAS MONTAÑAS DE YEMEN" de ALBERTO PORRES VIÑES de TARRAGONA

1º PREMIO:
"ERIZO DE MAR" de VÍCTOR RIVERA JOVE de FERROL

30 e 31 AGOSTO no Teatro Jofre de Ferrol:

XVII CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

Día 30 de agosto:
PREMIO de **"Composición para Gaita Galega Solista"**
punto nº 9 das Bases do XVII Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

Día 31 de agosto:
FINAL do XVII Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".



O PASADO DÍA 26 DE MAIO CELEBRAMOS A **II SESIÓN VERMÚ** NO ATENEO ORGANIZADA CONXUNTAMENTE CO COLECTIVO OPAII .

RADIO E MÚSICA EN VIVO nos locais deste Ateneo dende ás 12 da mañá e ate as 4 da tarde animaron o sábado deste emblemático Barrio da Magdalena: Marcos Mella, FEFI, ... e outros que se achegaron voluntariamente para deixarnos a súa música en directo. A II Sesión Vermú tamén serviu para darlle a benvida ao verán, xa que coincidiu co cambio de horario das nosas actividades.

REPETIREMOS!
XA ESTAMOS A ARGALLAR
A 3ª!











DÍA EUROPEO DA MÚSICA – 21 XUÑO

En 1985, ao cumprirse os 300 anos do nacemento de **Johann Sebastian Bach, George Frederik Haendel** e **Domenico Scarlatti,** o Consello Europeo da UNESCO decidiu declaralo *Ano Europeo da Música.*

Dende ese ano, o 21 de xuño quedou consagrado como **Día Europeo da Música,** de toda a música, non so da clásica, coa finalidade de promover o maior coñecemento e difusión do mundo da música, así como a actividade e produción musical.

A esta Festa da Música, que pretende ser a cita anual dos músicos coa sociedade, adheríronse numerosos países, entre eles España.



PRIMEIRA MARCHA DO ORGULLO GAY, EN NOVA YORK

- THE NEW YORK TIMES

No verán de 1969 formouse en Nova York unha organización política chamada Gay Liberation Front (GLF, Fronte de Liberación Gay) como resultado dun encontro entre a vida gay e a cultura política radical da Nova Esquerda. A finais de xuño, día 28 do mesmo ano, unha redada policial en Stonewall Inn, un bar de copas de Nova York, desatara unha revolta encabezada por travestidos que durou varios días, un feito sen precedentes na historia gay.

Por primeira vez na historia un grupo de persoas transexuais e homosexuais decidiron rebelarse, plantando cara á discriminación e á represión, saíndo á rúa para esixir por primeira vez o recoñecemento do seu dereito á dignidade como seres humanos.



En torno a esa data do 28 de xuño dende o ano 1969, se celebra na maioría dos países do mundo o evento político, reivindicativo, lúdico e cultural, para gays, lesbianas, transexuais e bisexuais que pasou a ser coñecido como "Día do Orgullo".

No caso español, este evento é coñecido como **"Orgullo",** sendo o seu acto central a **Manifestación Estatal do Orgullo** que anualmente se celebra en Madrid, sendo COGAM e a FELGTB a asociación e a federación de asociacións LGTB que son responsables dende hai moitos anos da súa convocatoria, promoción e organización. Reivindicación que este ano cobra especial importancia por tratarse do **Ano Europeo da Igualdade**.

LEMA DA MANIFESTACIÓN DO ORGULLO EUROPEO 2007 (MADRID EUROPRIDE 07):
**"AGORA EUROPA!
A IGUALDADE É POSIBLE"**



O ATENEO FERROLÁN, EN NOME DA XUNTA DIRECTIVA, QUERE EXPRESAR A SÚA DOR POLO FALECEMENTO DE MANUEL AMOR DEUS

O noso PÉSAME á Familia de Manuel Amor Deus (bicos a Germán) e aos centos de traballadores e amigos que viviron e compartiron con el tantos episodios de loita pola xustiza e liberdades!

A súa personalidade será sempre un referente de entrega, compromiso e solidariedade co movemento obreiro e a esquerda deste país; primeiro desde o seu traballo en BAZAN, na súa destacada actividade política e sindical no PCG e CCOO, nos cárceres da ditadura tras o Xuízo dos 23 e despois, na democracia, desde as súas responsabilidades sindicais e a loita polo recoñecemento da asbestose como enfermidade adquirida no traballo.



PARABÉNS E NORABOAS PARA:

✓ **NAVANTIA**, polos seus éxitos na contratación e na súa presenza internacional.

✓ O equipo, técnicos e a extraordinaria afección do **RACING CLUB FERROL.**

✓ A nova **CORPORACIÓN MUNICIPAL** que inicia os 100 días de cortesía para facerse coa tarefa de goberno con suavidade e boas maneiras.

O XURADO DO
V CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA 2007",
QUE ORGANIZA O ATENEO FERROLÁN, CO PATROCINIO DE CAIXA NOVA,

composto por: María José Doce, Aurora Rivas, Xosé Leira, Abelardo Sánchez Sanjurjo e Miguel Rodriguez acordou o seguinte **FALLO:**

1) Conceder o **Premio de Categoría Especial** ao

· Grupo de teatro do **Colexio "Carmen Polo"**, dirixido por María José Caínzos.

· Grupo da **Asociación Os Amigos "Arco Iris"** do Concello de Valdoviño coa obra *"A Familia de Brais Andrade"* dirixida por Lucía Caneiro.

2) Nas **categorías Infantil e Primaria** a:

· Grupo do **CEIP "Centieiras"** do concello de Fene coa obra *"A Princesa que non sabía esbirrar"*, dirixido por Mª Cointa Pazos García.

· **Grupo "Tamborrada"**, do CEIP "Manuel Masdías", coa obra *"A Farsa das zocas"* dirixida por Fina Febril.

· Grupo do **CEIP "Ibáñez Martín"**, coa obra *"Zongalo quirico"*, dirixida por Ana Mª Rodríguez García e Mª Jesús Ares Plana.

3) Na **categoría Xuvenil** a:


· **Grupo *"CHELO LICETTI"***, da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, coa obra *"O mal de Manueliño" e "Xantar de memoria"* dirixida por Manuel Basoa Vizoso.

· **Grupo "Pasapadentro"** da Asociación Cultural Melandrainas de Arteixo, coa obra *"Unha noite de primaveras sen sono"* dirixida por Marga Fernández e Queta Soto.

Todos eles recibirán un premio, de igual contía, por un total de 250 Euros, doados por Caixa Nova, **ACTO** que terá lugar o próximo martes día 19 ás oito da tarde no salón de actos do Ateneo Ferrolán.

O Xurado quere destacar e valorar publicamente os traballos e esforzos adicados por parte de todos os grupos participantes, dentro das grandes diferenzas de medios económicos e humanos e, moi especialmente naqueles colexios onde se conseguiu ese compromiso e unidade no traballo da comunidade escolar.

Para rematar o Xurado de Atenea 2007, quere felicitar o Ateneo Ferrolán polo seu compromiso permanente e desinteresado coa cultura, sobre de todo na súa base, os pequenos, e a Caixa Nova pola súa sensibilidade e compromiso, así como recomendarlles e alentalos na continuidade deste Certame.



Ateneo Ferrolán

CONCEPCIÓN ARENAL E A MULLER DO PORVIR:

PASADO, PRESENTE E FUTURO

por Arantxa Serantes*

Concepción Arenal. Ferrol, (1820-1893). Escritora, penalista, muller comprometida co seu xénero e humanista. A imaxe desta senlleira muller veuse atomizada en distintas facetas: para uns, conservadora e caritativa e para outros unha reformista emancipada e librepensadora.

O caso é que a historia non aclara gran cousa e propicia imaxes distorsionadas que logo son terxiversadas pola ideoloxía ou polos valores da época. O que si se pode afirmar é que quixo deixar testemuño da necesidade de que a muller chegase a reivindica-los seus dereitos como persoa, creando un estado de opinión e xogando un papel fundamental "como ponte entre dúas xeracións e como expresión dunha concepción da persoa, da sociedade e do Estado plenamente liberal e plural, pero desencaixada da España oficial" (Lacalzada, 1994, p.413).

Ela pensou o que podería se-lo proxecto dun novo país estudando os problemas sociais dende o seu xermolo, partindo de premisas como: a dignidade do ser humano, que ten dereitos que reclamar e deberes que cumprir como cidadán, deixando así, de ser home ou muller masa (mal tan frecuente nestes tempos onde custa implicarse coas causas que o merecen).

Quixo que a muller non fose "escrava das cousas pequenas" (Castañeda, 1997, p.63) porque cría que o seu destino na historia non debía reducirse a ser: mestra de nenas, telefonista, estanqueira ou raíña; os únicos postos oficiais aos que podía aspirar a muller. (Elena e Sesé, 1988, p.24). Xa que o costume e a inercia da lei provocaban o envilecemento ao que se sometía a muller, o que serraba a corrupción das formas e a imposibilidade da prosperidade social. Concepción Arenal, "que coñecía a realidade exterior, clamaba no deserto por facer viable a revolución liberal" (Lacalzada, 1994, p.415).

O seu pensamento non era adiantado ou utópico, como soe dicirse, máis ben era a resposta aos males do seu tempo onde a razón non é sinónimo dun utilitarismo calculado ou dunha sociedade que mantén certos privilexios e impón unha forma de vida que non favorece á xustiza debido ao sentido imperativo, pasivo e negativo que propuñan as leis. Nese sentido, a humanidade tampouco progresou tanto. Aínda están vixentes outros xeitos de escravitude; opresores e oprimidos na desigualdade, que se retroalimentan.

Ademáis, aínda segue a haber hoxe graves anomalías no seo da familia e da sociedade, onde é preciso un novo modelo ético. Resulta incrible pensar cómo Concepción Arenal, levantou opinións tan encontradas entre as mulleres intelectuais de tódolos tempos. Un exemplo foi Emilia Pardo Bazán, que no seu día defendera que a vacante da Real Academia –que se producira no 1890– o ocupase unha muller (Concepción) cando actuaba no seu propio interese. Como diría ela mesma: "ante a avanzada idade que cumpriu e o retiro en que a Sra. Arenal se pecha, caen ao chan as animosidades que ás veces suscitan (...)" ou "a ausencia de candidata, que segundo o regulamento a inhabilita" (Arenal, 1993, p.23) e (Pardo Bazán, 1891, p.70).

(*) Arantxa Serantes é Licenciada en Humanidades e DEA en Historia Antiga pola Universidade da Coruña. Na actualidade realiza a súa tese de doutoramento.

Todo o contrario ocorreu con María Barbeito, unha muller comprometida e un modelo de mestra que propón a coeducación de nenos e nenas, como principio de coñecemento dun mesmo, que ve a Concepción coma "unha muller compasiva e apaixonada, pero tamén á intelectual cuxa intelixencia se sustentaba en dúas columnas: a verdade e a xustiza" (Lacalzada, 1994, p.27). Tamén nos anos 70, outras mulleres souberon diseña-la esencia de Arenal, como María de Campo Alange, entre outras.

Custa entender cómo no S. XX e XXI estase a perde-la conciencia de revisa-lo seu legado e de ofrecer novos estudos sobre esta ilustre ferrolá, especialmente, no eido universitario, onde debería crearse algún centro de investigación que levase o seu nome, especialmente, na súa cidade natal onde quedan poucos lugares onde se advirta a súa presenza intelectual.

O S.XX é o século onde estamos a rescata-lo verdadeiro concepto de muller con tódalas súas definicións. Concepción debería ser un icono para tódalas xoves universitarias, porque persoas como ela sentaron un precedente histórico. Escondémolos seus méritos a través do esquecemento xeneracional. Na ensinanza secundaria ou no bachalerato, moi poucos rapaces/as a coñecen e é unha auténtica mágoa.

Concepción non defendía un feminismo radical porque a muller é "máis de medio xénero humano", (Pardo Bazán, 1893, p.270). Ela non pretendía que fósemos como os homes e ser unha réplica dos seus actos, senón reclamar o que *de facto* é noso pero non *de iure*.

O que agora temos, e está tan de moda: a política de xénero, é unha versión a pequena escala das ideas de Arenal. Aínda hai moito polo que loitar e só cunha unidade de criterio pódese conseguir.

Que non ocorra como nos versos que Concepción escribira: "Corren remuíños, anónimos, con nome/ e cando a treboada as deixa de azoutar/ caen no abismo, ou baixo o pé do home/ o na deserta praia do borrascoso mar" (Arenal, 1980, p.385). Oxalá sigamos brindándolle, a Concepción Arenal, un lugar no noso pensamento e nas nosas palabras para que non sexa a súa obra un escrito na néboa.

BIBLIOGRAFÍA

ARENAL, C., "Mi vida. A que me pedía con insistencia apuntes para escribir mi biografía", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, n.31, (1980), p.385.

ARENAL, C., *La mujer del provenir*, Castalia/ Instituto de la Mujer, Madrid, 1993.

CASTAÑEDA, P., "Concepción Arenal, una avanzada de su época", *Vindicación Feminista*, n.9, (1997), pp.62-63.

ELENA E SESÉ., "Concepción Arenal", *Andaina*, n.14, (1988), pp.24-25.

LACALZADA DE MATEO, M. J., *Mentalidad y proyección social de Concepción Arenal*, Concello de Ferrol / Cámara de comercio de Ferrol, A Coruña, 1994.


PARDO BAZÁN, E., "La cuestión académica", *Nuevo Teatro Crítico*, n.3, (1981), pp.61-73.

PARDO BAZÁN, E., "Concepción Arenal y sus ideas acerca de la mujer", *Nuevo Teatro Crítico*, n.26, (1983), pp.269-304.





Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán y María Barbeito

ARTIGO 

Ateneo Ferrolán

UNHA OPORTUNIDADE DE PENSAR

UNHA OPORTUNIDADE DE PENSAR

por Luis Calvo Teijo

Imaxinade canto nos duraría algún alcalde se tivesemos a oportunidade de nominalos semanalmente

Unha visión moi por riba dos resultados electorais arroxa algo moi sintomático, como unha crónica dunha morte anunciada, que hai tempo se ven rumiando e os partidos políticos cos seus líderes á cabeza semellaban non enterarse.

Falamos dos grandes cambios que se deron en moitos concellos, con cambios substanciais: por unha banda dando chamadas de atención, a ter en conta, que levaron a perder as maiorías absolutas descabalgando das poltronas a aqueles que viñan gobernando cun xeito de prepotencia, obrigándolles a pactar, cando non a perder o goberno ao cal non poderán acceder nin chegando aos pactos máis impensables.

Chamadas de aviso aos navegantes hai para todos, desde os grandes partidos estatais, nacionalistas ata as agrupacións independentes pero, coma sempre, todos ganaron aínda que perderan maiorías e baixaran en votos e concelleiros..., misterios da democracia.

Esa democracia que segue medrando en abstención pola incompetencia dos representantes que vimos elixindo periodicamente e que, desta volta, xa non falo dos que non votaron, sobre de todo a xuventude, porque non se sentiron atraídos polas moitas e repetitivas ofertas que veñen manexando os de sempre, senón tamén do tirón de orellas que desta volta se levaron por parte do electorado.

Así poderíamos falar de alcaldes que tiveron que ceder ou compartir o bastón de mando, que xa tiñan en propiedade, en sitios tan dispares na xeografía como na cor do goberno como: Arteixo, Cedeira, Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, Lugo, Muxía, Ourense, Padrón, Poio, Pontenova, Pontevedra, Riotorto, Sada, Santiago, Santiso, Vimianzo, Xove, etc., son algúns exemplos, por non mentar todos eles.

Partindo da necesidade da democracia e dos controles temporais que ata agora supoñen os procesos electorais, como barómetros de medir a eficacia na xestión por parte dos elixidos, pensamos que o que está a pasar merece unha profunda reflexión e que non é outra cousa que a xente está cansa dun sistema que sendo o menos malo, os políticos coas súas liortas, medias mentiras e demagoxias, non nolo poñen moi atractivo.

Os cambios obrigados van a supoñer un cambio xeneracional en moitos dos concellos e, sería unha mágoa que iso mesmo non servira para rexenerar a política e os políticos que foran reciclables e os que non, ia pasear cos seus netos ou a botar a partida nos parques e locais sociais que inauguraron nestes anos!.

Para chegar a estas reflexións non é necesario comerse moito o tarro, sonche cousas que escoitas tomando un viño cos amigos ou en calquera tertulia de café como dúas que escoitei non hai moito e que, cada unha na súa perspectiva recollen moito do saber do pobo, que de cando en vez pon as cousas no seu sitio.

A primeira é unha vella aspiración de moitas persoas, nas cales me apunto, porque tiven unha oportunidade de vivila nunhas eleccións sindicais de antes da legalidade política e sindical, na miña Bazán, como é o sistema de lista abertas, onde o elector pode escoller entre as persoas que considere máis válidas ou mellores xestores, independentemente da formación á cal pertenzan. Esa non ten interese para os grandes partidos, porque caerían moitas cabezas e "líderes" que non chegan a comunicar co pobo.

A segunda, non por semellar aparentemente menos seria, eu non a desbotaría e ademais é de rabiosa actualidade nos programas de *"reality"*. Imaxinade canto nos duraría algún alcalde se tivesemos a oportunidade de nominalos semanalmente para botalo do *"programa do concello"*.

NAVÍOS·NAVEGANTES·MERCADERES·E·CORSARIOS·NO·FERROL·A·MEDIADOS·DO·SÉCULO·XVI

por Fernando Dopico Blanco


O artellamento da economía na Galicia costeira da Baixa Idade Media pasa pola navegación, tanto de altura como de cabotaxe, que se detecta xa ben estructurada no século XIV. Cara ó norte, nos portos de Francia, Inglaterra e Flandes, atracan naves galegas con cargamentos de ferro, peixe, viño –produto moi estimado neses países–, de xeito que á volta importan panos, tapices e outros produtos especializados da área nor-atlántica. Esta navegación pervivirá, con altibaixos, polo menos ata o século XVI (1). Cara ó sur, a progresiva reconquista cristiá e o desbloqueo do Estreito de Gibraltar, tras a famosa e concorrida (2) *Batalla del Salado* en 1340, permitiu unha fluida navegación entre o Mediterráneo e o Atlántico, ou viceversa; ata daquela seminterrompida e suxeita ó control xeo-estratéxico dos reinos musulmáns sureños da Península e dos Benimerines norteafricanos. O comercio entre ambos mares reaparece co lóxico empuxe, constatándose a partir de entón unha importante presenza de navíos galegos cargados principalmente de madeira e peixe nas costas levantinas e catalanas, que terá os seus picos máis álxidos no século XV. Tamén en Galicia aparecerán naves italianas recalando nos seus portos, camiño da chamada *Ruta de Flandes*.

Dende a Baixa Idade Media temos noticias ben claras da implicación da nobreza e da fidalguía do país nas aventuras mariñas, ben como armadores e propietarios de naves, ben como exportadores/importadores de mercadorías, que lles reportaron suculentos beneficios. Coñecido é o significativo caso descuberto pola doutora Ferreira Priegue, quen publicou o salvoconducto outorgado en 1456 na poboación inglesa de Westminster para a nave *"de Ispania vocatam La Marie de Carence"* (Santa María de Caranza), propiedade de Fernán Pérez de Andrade 'o Mozo', de xeito que esta embarcación puidera comerciar nos portos ingleses.

Nas vilas e cidades costeiras, a fidalguía atopou no comercio marítimo un *modus operandi* que lle permitía enriquecerse con máis facilidade e menos risco que indo ás campañas da Reconquista (3). Nos florecentes enclaves costeiros, xunto cos membros da nobreza, xorde unha clase a medio camiño entre a burguesía e a fidalguía, salientables armadores e propietarios (4) de naves. Algúns destes clans navieiros, de extracción social plebeia, accederán á fidalguía xa no século XV, existindo casos tamén nos séculos XVI e XVII. Esta *fidalguía-burguesa*, ¿ou *burguesía-fidalga*?, haberá de constituír un núcleo de onde saen numerosos alcaldes, rexedores e notarios das vilas.

Aínda que practicado con anterioridade, o tipo de piratería nomeado **corsarismo** faise máis presente nas fontes documentais dende finais do século XV, tanto na área cántabro-atlántica como na mediterránea. Nesta época existe xa a **patente de corso**: tipo de autorización outorgada nos distintos reinos ós seus mariños para que, a través de accións armadas e saqueos se adicasen a fustigar os inimigos respectivos. De tal xeito que estes ataques considerábanse como accións de guerra. Turcos e berberiscos no sur e franceses, principalmente, ó norte, revélanse como auténticos peligros para o comercio marítimo e para as vilas e cidades costeiras galegas, que sofren *razzias* periódicas.

Os actos de piratería medran proporcionalmente nas primeiras décadas do século XVI. A guerra encuberta que se mantiña con Francia, case que dende os inicios do reinado do Emperador Carlos, convértese nun conflito bélico total entre as dúas potencias (aa. 1521-26). A ameaza de invasión francesa por mar colle visos de realidade nesa década. A este respecto, e tamén en relación co corsarismo, debemos lembrar o memorial elevado ó Empera-



dor no ano 1521 polo conde don Fernando de Andrade, sobre a necesidade da fortificación de diversas vilas e cidades de Galicia, entre as que se atopa Ferrol, a constitución de postos de vixía permanentes e a necesidade de formar unha pequena flota de guerra defensiva.

Agora ben, dende os albores do século XVI obsérvase un irreversible declive e unha involución sistemática na flota comercial galega. Non é mera casualidade que coincida, cronoloxicamente, coa expansión do novo e poxante comercio coas Indias e coa crecente tensión política sostida co reino francés. A estas circunstancias desfavorables, débeselles engadir a aparición de novos e poderosos competidores comerciais e os agravantes socio-políticos que se producen tamén na zona mediterránea (Xermanías, Campaña de Italia, etc.). Deste xeito, as embarcacións galegas vense seriamente afectadas nas súas tradicionais rutas e portos de recalada. Así mesmo, cómpre ter en conta a potente flota comercial lusitana e a estreita relación que se constata entre os portos galegos e os portugueses: Porto, Aveiro, Lisboa; cuxas naves substitúen con asiduidade ás do noso país e cuxos comerciantes asomarán repetidamente en documentos galegos desta época.



Nao do s. XVI no lintel dunha casa en Orio, Guipuzkoa (Fonte: guipuzkoakultura.net)

Xa baixo Felipe II, a malquerencia coa crecente potencia inglesa cernará tamén o comercio coas Illas Británicas. Circunstancia que haberá de ter, tamén, unha repercusión especialmente negativa para a endeble flota galega e nas relacións comerciais coas rutas marítimas norteñas. O inimigo inglés fará constante acto de presenza nas costas de Galicia a partir de entón. Nesta nova situación, vén á memoria o asedio ó que foi sometida a cidade da Coruña en 1589, co ataque do famoso corsario *Sir* Francis Drake; pegada histórica de fito imborrable polo heroico comportamento da non menos afamada María Pita.

De resultas de todo o anterior –e doutros moitos aspectos longos de enumerar–, as naves galegas reducen drasticamente a súa presenza nos portos europeos e mediterráneos. Esto afectará no número e tipoloxía dos navíos que se atopan en Galicia dende o século XVI. As secuelas da redución mercantil translúcense na adopción de embarcacións de pequena tonelaxe, moito máis manexables e adaptadas á navegación de cabotaxe entre rías e portos cercanos, moito menos arriscada; pero que habería de traer tamén un empobrecemento xenérico do comercio nas vilas costeiras.

Xa na nosa zona, expoño de seguido dous interesantes casos de corsarismo, ambos inéditos, indicadores xenéricos do panorama no século XVI.

Nos primeiros días de xaneiro de 1561 o porto de Ferrol recibía a inesperada visita dunha nao (5), de entre setenta e oitenta toneladas, tripulada por dez franceses e cargada de ricas e variadas mercadorías. Principalmente provista de vistosas teas e de custosos panos, a refinada carga do navío exerceu un inmediato e poderoso efecto de atracción nos mercaderes da vila e da comarca.

A nova estendeuse como un regueiro de pólvora chegando ata a cidade da Coruña, de onde tamén se persoaron interesados burgueses de bolsa ben provista. Pero, claro …, a arribada francesa non pasou desapercibida para a xustiza da vila, nin tampouco para a alcaldía e mordomía eumesa do Conde de Lemos e Andrade, polo entón señor de Ferrol e Pontedeume. Pese a todo, semella que os rexedores ferroláns non andiveron moi finos nas súas pescudas sobre a procedencia do cargamento. Pola contra, as autoridades eumesas si mostraron unha certa suspicacia ou, se cadra, unha certa desconfianza ante a aparente demora –¿intencionada ou interesada?– dos oficiais ferroláns. Demóstrase que as mercadorías procedían dun botín de corso realizado sobre un galeón con destino ás Indias, que tería zarpado de Sevilla na primavera anterior.

Velaquí, agora, un simpático e clásico caso de picaresca a través dun fallido intento de "corrupción administrativa", daquela á orde do día (práctica aínda en boga agora nalgúns ¿políticos ou piratas? da nosa actual administración pública, que fan os seus 'botíns' con toda a caradura e chulería,…!!!). O capitán galo, na procura de gañar a vontade do Alcalde Maior de Pontedeume, tentou a este enviándolle *"un papagaio y una pieça de chamelot y çierto ruán"*. Mais, esto foi o comenzo da súa ruina; xa que este acto levantou as sospeitas do dito Alcalde, a quen *"le paresçió más que debían de ser ladrones y fue al dicho puerto de Ferrol"*. Acto seguido, ordenou a detención dos franceses, acusados de piratería. O que foi do capitán francés e da súa tripulación non é difícil de imaxinar. Probabelmente terminaron os seus días na forca ou nas galeras de *Su Católica Magestad*, destino habitual dilixentemente reservado para os do seu gremio …


A todo isto, quen relata este episodio, con verdadeiras tramas conspirativas de por medio, é Xoán Pita de Montenegro, veciño de Pontedeume

e mordomo do Conde de Andrade, quen comparece perante os xuíces da *Casa da Contratación* de Sevilla (6) para poñer no seu coñecemento este apresamento de corsarios. Xa que logo, ó lector poderá coñecer de primeira man a testemuña e a súa versión dos feitos, que transcribo de seguido:

"(fol. 1r) *(...). / En la çibdad de Sevilla, biernes veynte e / quatro días del mes de henero de mil e / quinientos e sesenta e un años. Los muy magníficos / señores Juezes ofiçiales desta Casa dela / Contratación dixeron que a su notizia / es venido que un navío que yva a las / Yndias de Su Majestad lo tomaron e roba- / -ron françeses. E lo que dello robaron / lo llevaron a Galiçia, donde se descargó / la dicha pieça. Y estando presos los fran- / -çeses que aý lo llevaron, e asý se dize / públicamente. E porqu-ellos en / razón delo suso dicho quieren saber / la verdad, mandaron paresçer ante sy / al hombre que traxo la dicha nueva, e le / tomaron su dicho e declaraçión en la / forma siguiente. /*


Declaraçión. /

E luego los dichos señores Juezes, estando / en la audiençia desta dicha Casa, hizie- // (fol. 1 v) *-ron parecer ante sy a un hombre / que se dixo por su nombre Juan Pita / de Montenegro, mayordomo del Conde / de Andrade e vezino dela villa de / las Puentes-deume, que es en / Galiçia. Y estando ante ellos presente, / resçibieron d-el juramento por Dios e por Sancta María e por la Señal / dela Cruz en forma de derecho. So vertud / del qual le preguntaron por el / tenor delo suso dicho. E dixo que lo que / pasa es que puede aver veynte / días, poco más o menos, que / estando este declarante en la villa / dela Puente-deume supo qu[e]-al / puerto dela villa de Ferrol, / que es una legua dela dicha villa / dela Puente (7), avía venido un / navío que dezía traýa mercaderías / para vender. Y este declarante fue / allá por mandado de un mayor- / -domo del dicho conde, que se llama / Blaz (8) Ares, para mercar çiertas / cosas que el dicho conde avía menes- / -ter. E llegó al dicho puerto de Fe- / -rrol el viernes antes dela Pas- / -cua delos Reyes que agora pasó. / E vido que en el puerto de dicha / villa estava surta una nao fran- / -çeza (9), de hasta setenta u ochenta //* (fol. 2 r) *toneladas. E como el dicho entró luego en / la dicha nao, la qual tenía hasta diez / françeses con el capitán. Y la artillería / que traýa, la traýa por lastre. Y / preguntó este declarante a çiertos / mercaderes que halló dentro dela dicha / nao, que heran de La Coruña y amigos / deste declarante, que uno dellos se / llama maestre Luis y el otro Gonzalo / Cuello (10), que qué nao hera aquella / e qué mercaderías llevaba. Y le / dixeron que no sabían que mer- / -caderías llevava, syno eran ruanes (11). / E que la dicha nao yva en vía de / Turquía. E que el capitán dela dicha / nao llevava dicho que, yendo para Tur- / -quía, avían salido çiertas naos de / Portugal y los avía fecho re- / -tirar. E que después, con ten- / -pestad en la mar, avían andado / siete o nueve meses e se les avían / muerto treynta hombres de sed,*



Gravado representando unha galera do século XVI **(Fonte: Arquivo do Pazo do Monte, Ferrol)**

e avían / escapado los diez o honze hombres / que en ella venían. E que en la dicha / nao, asymesmo, que alló un al- / -calde dela dicha villa de Ferrol, que / se llama Juan López Piñero (12), e con / el un regidor que se llama Antón / López, los quales en presençia / deste declarante entraron debaxo / de cubierta para ver que traýa, // (fol. 2 v) *y no se podía ver por venir la dicha / nao mui cargada. Y este declarante habló / con el capitán del dicho navío françés, / que le oyó nombrar ¿Mebebli?, y le / dixo si tenía tapetes y chamelots (13) / e ruanes. El qual le dixo / que no lo sabía, que pensava que no los / tenía porque el tenía vendido mucha / cantidad de mercaderías a los merca- / -deres de La Coruña, que hera a Gonçalo / Cuello y maestre Luis y sus consortes; / e sy en lo que tenía vendido ha- / -llase aquello que le pedía, que el les rogaría que se lo diesen. / E que este declarante se volvió / a la dicha villa dela Puente-de- / -heme (14) e que lo dixo al alcalde / mayor dela dicha villa lo que avía / visto. En esto el dicho maestre fran- / -çés le enbió al dicho alcalde mayor un pa- / -pagaio y una pieça de cha- / -melote y çierto ruán, segúnd le / dixeron a este declarante. Y el / alcalde mayor le paresçió más que debían / de ser ladrones, y fue al dicho puerto / de Ferrol. E luego, se dixo allí que / heran aquellos ladrones, e que / se avía descargado mucha parte de / la dicha nao en el dicho puerto. E que / el dicho alcalde mayor que avía ydo / hera superior del dicho alcalde, lo / avía hecho descargar. E que avía //* (fol. 3 r) *preso al dicho capitán y gente porque / se dezía que heran corsarios, como pares- / -çía por las mercaderías que trayan, / que heran ruanes y olandas y telillas, / e tafetanes e terçiopelos, / (...) de polvo e refinos / de Segovia, e dos canpanas de yglesia, / y otras más cosas. E asymesmo, llevaban sedas en hilo de grano / fyno y jubones de telillas, (...) / e camisas. E que este declarante re- / -tornó a la dicha villa de Ferrol, / con intimaçión de ver lo que*



hera / e venir a esta çibdad a dar aviso / dela presa que los dichos / françeses llevavan. E quando / llegó a la dicha villa, halló que esta- / -va descargada en una casa dela / justiçia mucha mercadería, que heran / delas cosas de suso declaradas. / E le paresçió a este declarante / que valdría todo quinze o dez e seis / mil ducados, sin lo que los dichos / mercaderes avían conprado, que / lo avían llevado de noche, segúnd / dezían. Porque quando este / testigo en el dicho navío vió los / dichos mercaderes, le avían ynpor- / -tunado que se fuese, porque / querían mercar çiertas mercade- / -rías e no quería el capitán // (fol. 3 v) *que estubiesen presentes. E que / este declarante, como quería venir / a esta çibdad a dar el dicho aviso, / procuró traer razón de todo / ello. Y el escrivano ante quien pasó / el negoçio le dixo que no se la po- / -día dar, porque el marqués / no sería servido dello. E lo que allí / supo y pudo entender de quien / se avía hallado presente a ello, / hera un Cristóval Maldonado, amigo / deste declarante, de lo que traýa y que / avía quedado en el dicho navío. Hes / lo siguiente. /*

✓ *Traýa el dicho navío muchos terçio-pelos / de dibersas colores, entre los quales / venían algunos partidos en setado. /*

✓ *Yten traýa muchas telillas de ta- / fetán pespuntadas de diversas / colores. /*

✓ *Yten traýa muchos damascos y ri- / -zos. /*

✓ *Yten traýa muchos tafetanes de / diversas colores. /*

✓ *Yten traýan un enboltorio de / cartas en un saco de lienço, que pa- / -resçían ser de un Françisco de Escobar, / de Sevilla. /*

✓ *Yten otra carta de dona Leonor de / Mendoça, de Sevilla, fecha de quinze / de mayo pasado. /*

✓ *Yten otras cartas de otras muchas / personas que escrevían para / los (...) y otras partes delas //* (fol. 4 r) *Yndias. Sin otra mucha lençería e olandas / y otras bugarías que este memorial / trae de letra del dicho Cristóbal Maldona- / -do, su amigo, que mostró a los / dichos señores Juezes. E que asymes- / -mo este declarante escrivió a un Juan / Pita que el enbiase razón / de qué cartas se avían hallado. / Y el dixo, por su letra, que avían / hallado muchas cartas para Li- / -ma, fechas en Sevilla, dellas de diez y / quinze e de veynte de mayo, (...). / E que este declarante se a venido / derechamente a dar aviso en esta / çibdad, y llegó ayer a las ocho. E que / esta es en verdad e firmólo. Juan / Pita de Montenegro. / (...)"* (15).

En 1562, un ano despois deste singular episodio, podemos constatar outro acto de piratería exercido tamén por franceses e relacionado coa nosa zona. Neste caso contra unha nao de Pedro López Piñeiro, señor da Torre de Franza en Mugardos, quen tivo sorte de saír ileso do contratempo. Os feitos transcorreron do seguinte xeito.

O ricacho fidalgo e crego trasanqués, Pedro Pardo de Lago, axustou co Piñeiro o pagamento de cen ducados de prata, para que este lle trouxese de Flandes uns tapices, un reposteiro coas súas armas cinceladas, unhas luxosas teas e unha talla relixiosa, de Santa Catalina. Por todo o cal, outorgouse unha carta de obrigación entre as partes, datada en Pontedeume a 18/05/1562. Sen embargo, o fidalgo de Franza tivo unha singladura desafortunada. Indo para Flandes aconteceulle un encontro con corsarios franceses. Estes, inevitabelmente, deixárono 'con honra, ... pero sen barco'. En 1564, xa finado o creso crego, o seu sobriño e herdeiro, Antonio Pardo de Lago, reclama danos e prexuízos perante a Real Audiencia de Galicia. O procurador, Lopo de Lago, que actúa en defensa de Pedro López Piñeiro, ofrécenos datos sobre este asunto. Velaquí a transcripción de parte deste documento:

"(...) Lo otro, / digo que dado qu-el dicho Pero Pardo diese a mi parte los / dichos çient ducados, y mi parte le hiziera obligaçión por / ellos, no sería para que mi parte se los ubiese de pagar, / sino qu-el dicho Pero Pardo los dio a mi parte para / que le truxese de Flandes, para donde mi parte yba / con su nao, dos panos de tapicería muy buenos / y un repostero con sus armas, las quales armas / dio pintadas a mi parte en un papel, y dos ca- / -riscas (16) *y una olanda muy fina y una ymajen / de Santa Catalina grande. Y para este efeto dio los dichos / çient ducados, y que mi parte se los enplease en lo susodicho y // lo truxese todo por los dichos çient ducados. Y que si más mon- / -tase, que lo pagaría a mi parte. Y yendo el dicho mi*



San Xiao de Mugardos. Lápidas cunha nave de cabotaxe e unha áncora con acrónimos (s. XVIII)

parte siguiendo su / biaje en la dicha nao, y llebando los dichos çien ducados del dicho Pero Pardo / y la carta y memoria para los emplear, tomaron a mi parte los / françeses y los robaron y tomaron, y la dicha nao y mercade- / -rías que en ella llebaban, y hecharon fuera a mi parte dela dicha / nao y a sus marineros sin les dexar cosa alguna. Y siendo esto asý, / mi parte no hera ni es obligado a pagárselos (...)" (17).

Non quero rematar esta reseña sen chamar a atención cara ás lápidas con motivos mariñeiros do século XVIII que, afortunadamente, todavía se conservan na igrexa parroquial de San Xiao de Mugardos. Moi posiblemente, as antigas igrexas de San Xiao e San Francisco de Ferrol tamén tiveron pedras con gravados deste tipo ou semellantes, que non tivemos a sorte de que chegaran ós nosos días. No que se refire ás lápidas mugardesas, cómpre fixarnos detidamente na que representa unha nave (18) de cabotaxe, dun só pao e vela cuadrangular, con temón de codaste.

PARA SABER MÁIS:

DUBERT, Isidro. "Corsarismo francés, poder real y política imperial en Galicia durante el reinado de Carlos V"; en *El Reino de Galicia en la época del Emperador Carlos V*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

FERREIRA PRIEGUE, Elisa. *Fuentes para la exportación gallega de la segunda mitad del siglo XV: El Peatge de Mar de Valencia*; Univ. de Santiago de Compostela, 1984.

FERREIRA PRIEGUE, Elisa. *Galicia en el comercio marítimo medieval*; Fund. Pedro Barrié de La Maza, A Coruña, 1988.

FERREIRA PRIEGUE, Elisa. "La villa de Pontevedra y el comercio de Galicia en la primera mitad del siglo XVI"; en *El Reino de Galicia en la época del Emperador Carlos V*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

GARCÍA ORO, José & PORTELA SILVA, María José. «El Ferrol y la defensa de Galicia»; en *Estudios Mindonienses* nº. 13, 1997.

SAAVEDRA VÁZQUEZ, María del Carmen. *Galicia en el camino de Flandes*; Ediciós do Castro, Sada, 1996.

NOTAS

(1) Por exemplo, en 1603 o escribán Alonso Ares de Mourelle, veciño da vila de Neda, lembraba como cara ó 1551 tiña embarcado e exportado madeira nunha nao propiedade do fidalgo e rexedor ferrolán Fernando Ares de Mandiá, quen sabemos que comerciaba con panos, viños e outras mercadorías na *Ruta de Flandes*. Na mesma ruta comerciaba tamén en 1562 a nao do fidalgo Pedro López Piñeiro, segundo veremos máis adiante.

(2) Non estará de máis lembrar a forte presenza galega de homes e barcos nesa acción bélica. Máis concretamente, interesa salientar a inxente participación da nosa comarca, referendada a través do Privilexo do couto de Pedroso, *Fuero* de Neda, Privilexo dos moradores de Balón, Brión e Mougá, etc.

(3) Non é casual, tampouco, que entre os séculos XIV-XV, os sucesivos monarcas reprochen en repetidas ocasións a desidia guerreira de moitos nobres e fidalgos galegos; máis preocupados no aumento das súas facendas e de enfrontamentos entre si, que en fazañas bélicas na lonxana 'terra de mouros'.

(4) Por exemplo, o fidalgo Pedro de Sillobre, señor da Torre de Boado en Franza –Mugardos–, infórmanos no seu testamento do ano 1529 sobre o valor dun navío –do que non especifica o tipo, pero que seguramente era de certa tonelaxe– que tiña recobrado en almoeda pública por sete mil maravedís cara a finais da centuria anterior, xunto coa súa consogra María Bugueiro.

(5) A nao era un tipo de embarcación de alto bordo, común na época, que desprazaba entre as 70/80 e as 650 toneladas. Usualmente se destinaba a fins comerciais; aínda que tamén podía e soía equiparse con pezas de artillería, de xeito que estaba en condicións de desenvolver actividade guerreira ou de corso.

(6) Estabelecida por Real Decreto en Sevilla no ano 1503, a *Casa da Contratación* constituíuse para fomentar e regular o comercio e a navegación coas Indias. A mediados do século XVI xa tiña fixadas as súas atribucións xudiciais, de xeito que obraba tamén como tribunal de xustiza nos preitos entre mercaderes e mariños, e naqueles casos onde se daban infraccións de normas marítimas.

(7) Sic. Pontedeume.

(8) Sic. Blas.

(9) Sic. Francesa.

(10) Sic. Probablemente o apelido é Coello e non Cuello. En todo caso, poderíase explícar polo /o/ pechado característico dos galego-falantes, que soa /u/ en oídos non galegos.

(11) Tipo de tea.

(12) Por outros documentos da época, sabemos que Xoán López Piñeiro foi tamén rexedor de Ferrol. O seu fillo, Diego Sánchez Piñeiro, detentou os mesmos oficios que o seu pai nas derradeiras décadas do século XVI e comenzos do XVII. Sen embargo, da coincidencia de apelidos, este alcalde de Ferrol non tiña nada que ver, en canto á súa ascendencia, co tamén alcalde e coetáneo fidalgo Pedro López Piñeiro, do que tratamos aquí máis adiante. En todo caso, é posible que fosen parentes lonxanos.

(13) Tipo de tea.


(14) Sic.

(15) AGS. Casa de la Contratación, Patronato, 267, N. 1, R. 35.

(16) Tipo de tea fina.

(17) ARG, RA, Preitos, 26406/7.

(18) Esta peza publicouse xa con anterioridade nesta mesma revista. Ver DOPICO BLANCO, Fernando. "Heráldica na comarca de Ferrol: Algúns exemplos da súa evolución"; en *Atenea* nº. 21, Ferrol, 2005.



Ateneo Ferrolán

(LA VOZ DE GALICIA 18.06.07 SECCIÓN ECONOMÍA) ENTREVISTA A FELIX ALONSO

PRESIDENTE DE REGASIFICADORA DEL NOROESTE (REGANOSA)

UNHA RESPOSTA CONTROLANDO OS NERVIOS

por Eliseo Zaera Ríos

1º) Falsidades ou medias verdades .... ¿cales?

· As del (Félix Alonso): ... ***¿abuso da boa fe dos mariscadores?***. Qué frase máis bonitiña, fale con eles!

· ***O Porto Exterior era un proxecto*** .... complete a frase, non diga medias verdades: era un proxecto que incluía a Planta de Gas no lugar axeitado. Aínda hoxe se chega a tempo de ubicala alí. Non se atreverá a falar de prazos cando a Planta de Mugardos con todos os apoios "oficiais", económicos e mediáticos INCUMPRIU todos os prazos comprometidos (¿outra falsidade irresponsable?)

· ***Enerxía limpa*** ...... Non sexa tan rotundo! ¿Tan limpa como moitas mans que asinaron "autorizacións condicionadas", informes favorables, recursos diante do Tribunal Supremo, ... etc.. etc.? O GAS NATURAL e non o digo para Vostede, que o sabe de sobra, é un combustible de orixe orgánica coma o carbón ou o petróleo, con menos emisión de CO_2 na súa combustión .... pero limpo? .... case. (Outra media verdade).

· ***175 persoas traballando na terminal????***, perdoe pero non o creo, a non ser que conte cos axentes de información/propaganda de SANTIAGO, MADRID e ate BRUXELAS.....


· ***¿Quen sostén unha cousa aquí e outra en Xixón?*** Outra falacia demagóxica. A normativa e a lexislación aplicable son as mesmas. **Basicamente: * 2000 metros mínimos a núcleos de poboación e saída a mar aberto do gaseiro polos seus medios en caso de emerxencia.** Diga dunha vez se estas dúas condicións son mentiras e se REGANOSA en Mugardos poderá cumprilas algún día! Participei na construción do Porto do MUSEL, coñezo ben a zona de XIXÓN e se non cumpre, rexéitoa!


· ***Gaseiros na Ría de Ferrol dende os anos setenta***. Non faga rir. Gaseiros con carga só no ano 2007 no que estamos, non siga facendo demagoxia.

· ***Non é prexudicial para a ría!*** Fale coas autoridades competentes de EE.UU. que veñen prohibindo a utilización da auga de mar para o proceso de regasificación, a última hai 3 semanas en CALIFORNIA "POLO PERIGO DE DESERTIZACIÓN DO MAR".... Son parvos!

· ***Esixencias de DELF MARITIM***. Que fácil e falar así! Esixencias que se impoñen por riba das requiridas por norma oficial .... ja, ja, ja. Concrete e fale do dragado do canal que presentou a holandesa. Non o poden facer por tratarse dunha zona LIC (lugar de interese comunitario). E dos catro remolcadores con propulsión acimutal ¿que?

· ***Que un grupo organizado secuestren o futuro da cidade*** .... ¡Por Favor!. Iso estendido a Ferrolterra, á Ría de Ferrol, pode aplicarse ao Grupo organizado Promotor da Planta! **Se chega a funcionar aí, e espero que non, arruinaría o futuro da comarca!**





Simulación dunha explosión na Planta de Regasificación de Mugardos sobre a imaxe de satélite do GoogleEarth. (http://es.geocities.com/osverdesgalicia)

Nin os líderes de Ferrolterra, nin a cidadanía, que **POR LEI tiña que ser consultada.... (ou non o sabe?),** teñen nada que ver co DISPARATE da ubicación da Planta de Gas. Os responsables teñen nomes e apelidos que se coñecen dende hai tempo, están nos Tribunais de Xustiza e serán estes os que diten o veredicto e determinen as responsabilidades.

· ***"Canta sentenza firme se emitiu é favorable"*** ...Menos mal que di firme. A única, por non recorrida, foi a do Tribunal Superior de Xustiza de MADRID ......¡que curioso! tiña que telo feito o exalcalde de Ferrol, Juan Juncal. As dúas (2) do Tribunal Superior de Xustiza de GALICIA, contrarias para REGANOSA, foron recorridas ao TRIBUNAL SUPREMO. **A súa resolución tarda, pero chegará!** Vaia pensando o que pode pasar....... O que si vexo que teñen pensado é nas consecuencias dese resultado da Xustiza.... parece que algo sospeitan, pero cunha afirmación, como outras un tanto arriscada e naturalmente pensando nos cartos, faltaría máis, é o único que lles interesa, adornado coa **marabilla do progreso e o desenvolvemento**, que os políticos, os seus aliados, traducen por "**estratéxicos para Galicia".** Volvendo á posible e probable **resolución xudicial confirmando a condenatoria** do T.S.X.G. recoméndolle que se asesore sobre dúas formas xurídicas aplicables:

- O descoñecemento da LEI non exime do seu cumprimento e
- As actuacións obviando a LEI, a sabendas, penso que se chama **prevaricación** e é punible.

Sobre o tema da SEGURIDADE, plans de emerxencia, evacuacións, ... etc.. négome a falar, é excesivamente grave, delicado e noxento, ... cos cartos de fondo, coma sempre!

E nin se fala, ninguén quere falar, da COBERTURA DE SEGUROS, pólizas, cotas, compañías aseguradoras, alcance, ...

Demasiado atrevemento falar, agora, dun DEBATE rigoroso .... **Conteste ao contido deste escrito; por algúns parágrafos, se digo mentira, ... habería que ir ao xulgado.**

SAÚDOS!



O XIZ DO RECORDO

A parte inferior da miña mesa
elévase sobre papeis engurrados,
acumula cinza e po de tinta azul
e esas boliñas case etéreas que habitan a casa
viaxan entre as gretas da madeira.
Vai parar alí o meu corpo
cando agóchome.

Déitome,
bico os xeonllos,
pecho os ollos,
son neno:

A túa silueta trazada co xiz do recordo
aparece nesa loita do sol cos buratos da persiana.

Son neno e abrázome
son sincero,
verdadeiro,
só penso o que sinto...
non como agora,
agora sinto o que penso
e abúrreme tanta moral imposta
e tanta falsa bondade.

Unha desas boliñas case etéreas
meteuse no meu ollo esquerdo
e demoro a súa extracción
pra sufrir o ardor do seu impacto.
Hoxe,
polo menos,
sentirei algo con certeza
neste día no que aínda non comecei a abrir a boca.

AS VECES É MILLOR...

Busqueime polos ocos do soño que hoxe tiven
e só atopei escuridade.

Foi unha noite pesada...
esquecía o pensamento,
dábasme a man que sempre quixen
agarimando a pel
e o tempo conxelábase na rúa apagada
baixo os farois febles,
tépedos...
a luz facía o meu rostro intenso,
o teu era invisible.

Movinme en espasmos oníricos,
golpeei as paredes brandas coa cabeza
ata penetralas:
o meu corpo habitou na realidade da estancia
suada,
a miña mente entre o algodón que envolvía o
cerebro.

Acheguei me ao cuarto espido
arrastrando os pes pola terra do corredor,
caían pingas do ceo aberto do edificio
e cando cheguei puiden ollarte...
perfecta,
flotando no centro da sala,
arrincabas absorta os pétalos debuxados no teito.

Fiquei alí escrutando os teus movementos,
respirando pola túa boca
o sabor doce dos teus beizos...

máis tarde fun peixe enlatado
no acuario que colgaba das túas cortinas

e xa non quixen seguir durmindo.

Neno Congoxa

“Vivirás eternamente nestes versos”.

Ti me dicías “eterna”.

E ámbolos furados negros mesturados nun bico de morte-vida parindo amor-suor e lume.

Eu,
Cara a praza fendida de cemento,
cun aparcadoiro fervendo no subsuelo.

Eu,
Ouveando coma a loba ferida que son,
véndote a través dos cristais en que me amaches.

Aferrada ó chan da Praza de España,
onde xa non quedan árbores nina estatua do dictador
xa tragada polo cemento,
que se me crava agora nos pés nús de amor.

Eu,
coma a loba-tola que pronuncia levemente o teu
nome,
o teu nome maldito,
da cidade de largas rúas que chamei miña.

Quedo,
soia contemplando o vello edificio monstruoso
porta máxica ó tempo fedento de vida,
no que aínda podo ulir os papeis infantís cos que
escribías,
nun Ferrol antigo que se me antoxa sempre teu,
coma se a cidade tivese un único dono.
A farmacia latexando verde a carón da túa casa.
Mentras nesta pel de loba esculco entre as árbores
fantasmas que xa non me poden protexer,
da túa verba ferente.

Sempre,
coma a soidade que me deixou a túa man,
a túa man inimiga.

Sempre,
esta lingua desexando amarte,
e ti,
pechado nese buraco antigo perdeste,
coma o monstruo que surxe das paredes,
cidade inimiga-túa-perdida.

Desfilei pola doce man de Capitanía,
a túa rúa Magdalena.

Eu amei Ferrol caéndoche suave pola frente
e vin os paisaxes da lagoa da Frouxeira polo teu bico.

Amalia Méndez Lombao

NIMBOS

Ves a mín, coma saído da néboa
alfombra roxa da túa linguaxe
convertida en eco
que repite o berro
que eu levo no vento.
O teu corpo ule a choiva gris
entre os ceos do claroescuro.
Vento que letras leva
As túas verbas no ar
Enrédanse sobre as miñas ramas
afundidas no veo húmido,
terror de auga fría.
Pingas que petan nos charcos
argamasa da xénese
noite na que espertan do seu sono
o mal e o medo,
envoltos en manto negro.
As estrelas arden, brilan astros
Que acenden o lar,
dos deuses descoñecidos
con pés de herba
en terra treboada.

II

contiven a dor nas mans
logo de servirme delas
para recoller a sarabia
do escuro e xélido nimbo

en defensa do corpo
espido
que souben alimentar
coa forza dos brazos
propios
e a horas que guindei da memoria

contiven a dor
da historia que humedece as mans
e os folgos

Arantxa Serantes, Alberte Momán



LLEGASTE HORADANDO ...

Llegaste horadando el silencio del recuerdo,
desprendido del aire que emanaba tu piel;
la memoria no cierra la puerta del olvido,
cada instante llenó, toda la eternidad.
No hai un sol que ilumine
tanto amor en la sombra;
ni sombra que ampare
la fuerza del instinto.
Podría haberte hablado de aquel tiempo pasado,
mas sellé mis labios, y pense: no te olvido.
¡Cuanto tiempo perdido detrás del calendario,
reposa oculto en el fondo de un café,
perdido entre las hojas de cada primavera!

TESTAMENTO

Cuando muera,
quemen este traje
de hombre irreverente.
Avienten mis cenizas
en cualquier camino polvoriento.
Lejos de este pueblo, lejos de esta gente.
Así, cuando muera.
Que no recen letan´çias los curas
ni pongan cruz en caja de madera.
Que nadie llore el fin de mi existencia.
Así, cuando yo muera.

Ángel Ruíz de Velasco

CARIÑO

Temo que, como todo o que é fermoso,
isto acade sendo efímero.
Pero, a pesares delo,
meu amor,
na miña ialma,
sempre acadará a lembranza
da música de Élla Fitgerald
misturada con rescendos
de hinoxo e outras herbas
na noite de San Xoán.

Pode que ti non o entendas,
mais non deixa de ser verdade,
fixeches revivir en min
un sentimento,ceeais olvidado xa.

GRAZAS .....

MARIELA

Noite de San Xoán 2007

Tono da Graña


Ateneo Ferrolán

A IMAXE

"...rizo de mar" de Víctor Rivera Jove
1º Premio do 17º Certame "Fotografía de Medio Ambiente '07"



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org